



# **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA VINTE E OITO DE XANEIRO DE 2015.**

### **PRESIDENTE**

D. Luis Rubido Ramonde

### **CONCELLEIROS**

Don Alfredo Vilela Santalla  
Dona M<sup>a</sup> Luisa Pérez Prieto  
Don Pablo Luis Nebril López  
Don Juan Carlos Romero Beceiro  
Dona M<sup>a</sup> del Pilar Pérez Villar  
Don José Luis Vergara Rey  
Dona Emilia Durán Fernández  
Don Manuel Pérez Riola  
Dona M<sup>a</sup> del Carmen Vergara Rey  
Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez

### **AUSENTES:**

Dona Almudena Molina Pérez  
Dona Cristina Prieto Lago

### **SECRETARIA:**

Don Iago Manuel Bermejo Varga

### **INTERVENTOR:**

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil quince, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, don Iago Manuel Bermejo Varga, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DE 30.12.14**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 30.12.2014.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación das actas dos plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de 30.12.2014, resultando aprobadas por unanimidade dos seus membros presentes.



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

### **2.- APROBACION INICIAL DA ORDENANZA DO SISTEMA MUNICIPAL DE PRESTAMO DE BICICLETAS**

Concedida a venia ao Sr.. Secretario, expón : Dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Plenos do 23.01.2015 a seguinte proposta :

Vista a proposta da Alcaldía de 23 de xaneiro do 2015 do seguinte teor literal :

#### **"PROPOSTA DE ALCALDIA**

Vista a proposta de alcaldía de data 20.01.15.

Detéctase unha imprecisión na referida proposta consistente na falta de concreción de que o informe de intervención de data 20.01.15, que consta no expediente, se emite en sentido desfavorable levando incorporada así mesmo unha nota de reparo.

Polo exposto, co fin de adoptar un acordo claro, preciso e indubitado se considera necesaria a inclusión dun primeiro punto na referida proposta no que expresamente se refira ó levantamento da nota de reparo.

Polo exposto, PROPOÑO ó Pleno que adopte o seguinte acordo que unha vez corrixido quedaría do seguinte xeito :

- 1.- Levantar da nota de reparo emitida pola Intervención Municipal na data 20.01.15.
- 2.- Aprobar inicialmente a Ordenanza do sistema municipal de préstamo de bicicletas, que se anexa a esta proposta.
- 3.-Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.
- 4.- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia se entenderá definitivamente aprobada a ordenanza quedando facultado expresamente o alcalde – presidente para a súa publicación e execución."

Aberto o turno de intervencións:

Sr. Alcalde di: ¿Algunha intervención?

Sr. Vergara di: Nosoutros vamos a votar que non a este proxecto, porque, bueno consideramos que tendo en conta outras necesidades e manifestando incluso necesidades de circulación de bicicletas, é manifestamente un despilfarro, porque, non atende o elemento



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

omecular, elemento esencial, aprobar o alquiler de bicicletas que ademáis vai ser xestionado por unha empresa privada, tampouco o entendemos, non nos parece razoable nestes momentos que estamos atravesando, igual, que non nos parece razoable a privatización das augas e as privatizacións das basuras, ningún destes elementos , e este tampouco nos parece razoable que sexa unha empresa privada con moi poucos elementos de control os que xestionen este tema, pero, a maiores aprobar un tema de bicis que lles vamos a alquilar a xente de fóra a turistas cando nós non temos regularizada a circulación de bicicletas en Cedeira parécenos claramente un .. en fin, unha decisión meramente propagandística, pero tamén, desgraciadamente despilfarradora non temos regularizada a circulación de bicibletas e, sin embargo, vamos a alquilar bicicletas. É certo que Cedeira ten unhas condicións fabulosas para no casco urbano poder andar en bicicleta. Ten unhas condicións fabulosas y e moi fácil, vamos, fácil non pero certamente posible desde implantar un carril bici, ata, favorecer a regulación da circulación de bicicletas, esto non se fai polo tanto, é unha medida neste sentido propagandística . Igualmente tampouco existen aparcamientos para bicis locais sí temos un lugar onde van a estar as bicis que vamos a alquilar pero sin embargo, as bicis nosas, as bicis da xente do puebo a xente que debe de usar a bicicleta non solamente por favorecer o menor uso dos coches sino para favorecer a salud da cidadanía pois a isto non lle prestamos ningún tipo de atención incuso mais, sabemos de algúns aparcamientos que nosoutros en su dia deixamos convocados e que ou ben estan nun estado lamentable e incluso algún eliminado polo tanto nos non temos mais remedio que decir que non a esta medida.

Sr. Alcalde: Gracias

Sra. M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez: Haber, o BNG realmente preguntámonos a integridade do momento tanto a nivel económico como a nivel de infraestruturas para desenvolver este tipo de servizos e máis cando neste pobo, por exemplo, non contamos con carril bici. Parécenos moi ben que desde o concello se fomenta o bo uso da bicicleta tanto na súa vertente deportiva como medioambiental pero tamén creemos que se pode facer moito máis para fomentar o seu uso ou que hai outros sistemas de facelo y ademáis xeneran, o tema este xenéranos bastantes dudas. Por un lado queríamos que nos responderan a si a empresa esta que aparece que elaborou a memoria é a mesma que vai xestionar o servizo e.. y por outro lado ...ben primeiro esa pregunta ¿é a mesma empresa a que elaborou a memoria que a que vai xestionar o servizo?

Sr. Alcalde di: Vamos haber o servizo, a xestión a nivel informático,puramente informático.

Sra. M<sup>a</sup> José di: Puramente informático.

Sr. Alcalde di: Sí, as tarxetas...é sin cargo algun durante un ano

Sra. M<sup>a</sup> Jose di: Eh pero...despois dun ano ..é dicir, e iso, non é un servizo municipal xestionado polo propio Concello ¿non? vai ser xestionado por unha empresa privada

Sr. Alcalde di: O concello non conta con medios informáticos para levar a cabo iso, o máis fácil o máis doado e xestionalo por ... externalizalo.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sra. M<sup>a</sup> José di : Y despois, outro tema haber, paréceme ou parécenos dende o BNG un pouco farragoso todo o tema de ter que sacar unha tarxeta, de ter que vir o Concello non habería outro sistema máis fácil de facelo , non sei quero dicir

Sr. Alcalde di : É un modelo estandar é calcado o modelo que se esta utilizando noutros sitios non, non estamos na idea que sea no concello senón na oficina de turismo

M<sup>a</sup> José di : É dicir bueno da igual,haber é que creo que sería mais fácil eu non teño moi claro se esto vai ter moita aceptación se non y parece que o mellor e máis fácil pois iso non sei ,que ti poidas meter unha moeda e coller a bici que ter que sacar un carnet non sei que pero bueno que me parece . O BNG vamos a abstermos neste tema

Sr. Alcalde di: Bueno, so decirlle o Sr. Vergara non sei vostede nunha intervención aquí intereseulle ...ou foi unha declaración de principios interesou que sería ben que contáramos con este servicio

Sr. Vergara di: Ben montado, é dicir, creemos que, efectivamente o tema das bicicletas é un tema importante pero, fíjese ¿usted cree que vai que a xente local vai utilizar este servicio ?eu estou convencido de que non. A xente de Cedeira o que fará eu pediríalle a bicicleta a miña irmá ou pedireilla a Manolo pero, non vou ir alquilar seguramente, é dicir isto non é un servizo para a xente do pobo, iso non quere dicir que me pareza mal que turistas que veñan poidan utilizar este servicio pero, ese turista vai a vir aquí a sacar un carnet primeiro, ¡que va!.Iso esta moi mal montado . O problema, si eu me expliquei mal pido disculpas, pero o problema é, decimos que non porque este proxecto esta mal parido pensamos e que esta montado polo tellado primeiro antes de facer a base que quero dicir con isto eu primeiro regularía a circulación das bicicletas e dos viandantes que estan absolutamente despreziados neste pueblo, hai aceras de ochenta centímetros, eu si vou con unha bolsa da compra por esa acera eu non poido andar, moitísima non,e dicir a circulación tanto de bicicleta como do viandante ten moitísimas deficiencias, claro usted dira , usted estuvo catro anos, efectivamente, algunha cousa fixemos pero efectivamente, a calquera que vea o noso programa electoral das pasadas eleccións estaba claramente contemplada a necesidade de regularizar e de impulsar o andar a pé neste pueblo ou andar en bici. E tiñamos unha meta máxima que era que os nenos da mesma maneira que usted cando era pequeno foi a escola a pe sin necesidade que a sua nai e o seu pai o levasen pois, a nosoutros, sería unha gran ilusión facer un a pé novo un pueblo amable iso e autenticamente, a amabilidade, a humanización, facer que esa xente fose a pé ou en bici a escola, polo tanto, non se trata de que digamos ,polo amor de dios, non as bicis decímolles mal a este proxecto por estar mal parido .

Sr. Alcalde di: Bueno, celebramos usted está bastante de acordo con nosoutros e paralelamente estase regulando o problema, ¿votos a favor?

Sometida a votación, O Pleno do Concello en votación ordinaria, por seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, catro en contra do PSDG-PSOE e unha abstención do BNG acorda APROBAR a proposta sometida a Pleno nos termos nos que quedou transcrito.



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

## 3.- RESOLUCION DE ALEGACIONES E APROBACION DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2015

Concedida a venia ao Sr. Secretario, expón : Dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Estatística e Especial de contas do 23.01.2015 a seguinte proposta :

Vista a proposta de alcaldía de data 19.01.2015, que literalmente di:

### "PROPOSTA DÁ ALCALDÍA AO PLENO

Visto o expediente de aprobación do Presuposto para o 2015 acordado no pleno de 30 de decembro de 2014.

Examinada a reclamación presentada polo Grupo Municipal Socialista o 16 de xaneiro de 2015, co rexistro de entrada 0235, contra a aprobación inicial do orzamento acordada no pleno 30 de decembro de 2014.

Tendo en conta o informe da Intervención do 19 de xaneiro de 2015, no que se conclúe que a reclamación presentada ten lexitimidade, pero que non se corresponde cos motivos taxativamente sinalados na normativa vixente, e considerando a conveniencia de aprobar definitivamente o expediente do orzamento de 2015 polos motivos xa indicados no expediente elevado ao pleno do 30 de decembro de 2014, propónse ao Pleno a aprobación, se procede do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Socialista o 16 de xaneiro de 2015, co rexistro de entrada 0235, contra a aprobación inicial do orzamento acordada no pleno 30 de decembro de 2014.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o o presuposto xeral do Concello para o exercicio 2015, xunto coas bases de execución, plantilla, anexos e demais documentación complementaria que lle acompaña o resumo de capítulos da cal é o seguinte e publicar o anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE 2015
1	Impostos Directos	1.922.000,00
2	Impostos Indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros Ingresos	667.100,00
4	Transferencias Correntes	1.992.352,42
5	Ingresos Patrimonias	106.500,00
6	Alleamento Inversións Reales	0,00
7	Transferencias de Capital	143.449,64
8	Activos Financeiros	5.000,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
<b>TOTALES</b>		<b>4.886.402,06</b>

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE 2015
1	Gastos de Personal	2.094.735,00



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2	Gastos Bens Correntes e Serv.	1.930.920,81
3	Gastos Financeiros	25.300,00
4	Transferencias Correntes	142.060,00
6	Investimentos Reais	463.974,64
7	Transferencias de Capital	43.278,81
8	Activos Financeiros	5.000,00
9	Pasivos Financeiros	181.132,80
<b>TOTALES</b>		<b>4.886.402,06</b>

Aberto o turno de intervencións:

Sr. Alcalde di: ¿Algunha intervención?

Sr. Vergara di: Bueno, nosoutros lamentamos que xa vista a proposta de resolución de que non tuveran en conta ningún dos puntos que lle planteabamos na reclamación, e certo, que algún deses puntos estan bordeando e recoñecémolo bordeando, e digamos a tasación que fai respecto desta posibilidade, por exemplo, nosoutros cando propoñíamos que os 73.000 euros que vostedes van a utilizar para destrozarse a cafetería do auditorio y despois, cedérllela, palabras textuales súas a unha empresa privada nosoutros efectivamente seguramente non entra do tema da reclamación, pero bueno, xa que me dá esta oportunidade eu queríalle pedir por favor de novo que retirasen, por amor de dios, esta posibilidade de destrozarse a cafetería do auditorio y utilicen estes 73.000 euros para actividade de tipo social, si hay que arreglar algunha cousa na cafetería que seguramente sí, por exemplo, o lavavaixelas non funciona algún a cociña necesita algunha mellora utilícese, pero non fai falta destrozala y menos para facer un imposible centro de día, polo tanto, y ademais tamén neste, xa que me permiten, esta pequena intervención comentarlle que non hai mal que por ben non veña, a actividade que agora esta desenvolvendo a asociación de maiores utilizando este centro social estalle saíndo tremendamente barata, moi barata ó concello, nunca tanta actividade se fixo nos maiores entre cenas, viaxes, festas agora mesmo van a facer o entroido en donde hai xa apuntado un pilón de xente non lle vai costar absolutamente nada o concello e incluso a persoa que antes estaba alí agora xa non está, e ademais moi ben, porque eles mesmos se encargan de limpar fregar, que bueno tamen lles podíamos botar un cable nese sentido a hora de axudarlles a fregar a xente de ochenta anos pero bueno estano facendo con moito cariño moi ben feito e en todo eu, xa que nos van a decir que non a ningunha destas reclamacións, eu pediríalles xa como favor ó grupo popular que recapacite na utilización deses 73.000 euros para destrozarse a cafetería

Sr. Alcalde di : Moitas gracias

Sra. M<sup>a</sup> José Rodríguez di: Voume sumar a petición que acaba de facer o sr. Vergara e máis nas datas nas que estamos a piques de acabar a lexislatura y eu penso, que, efectivamente, que non ten obxecto tirar ahi 73.000 euros. En canto ó tema dos orzamentos o BNG reiteramos a nosa oposición ós mesmos nos mesmos términos que xa o fixemos no pleno do trinta de decembro. No que xa manifestamos o noso total desacordo con temas como coas subvencións nominativas e a súa arbitrariedade, a falta de control nos expedientes de



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

contratación, as retribucións por órganos colexiados, a falta de previsión de ingresos e gastos en temas como o do centro de día sen ir mais lonxe.

Sr. Alcalde di : Moitas gracias. O grupo popular sigue insistindo que é unha oportunidade pa Cedeira contar con ese servizo, si o gran mal que nadie pronunciou aquí, e o da empresa pode dicir e unha organización de capital de traballo para obter beneficios miña proposta non obedece a perfil de empresa e outras ONGS que hai nestes momentos aquí poden desempeñar a función como se foran administración pudiente entón nosoutros non vamos a renunciar a ese servizo que é prioritario. Moitas gracias.

Sr. Vergara di : Y esa consideración que planteou con moita intelixencia o grupo do Bloque de que, polo amor de dios, quedanlles cinco meses non considera quedanlles menos porque en realidade van a empezar a destrozarse todo tres meses antes é dicir non sería merecedor de atención ese argumento de bueno que sea a nova corporación e incluso si se consegue un acordo entre todos que porque todos estamos de acordo en con que haiba un centro de día quedou claro . Eu insisto sr. Alcalde, que bueno, porque sería moi triste que chegara unha nova corporación y tuvese que paralizar unha obra a medio facer o sea imaxínese sei que a vostedes isto importalles pouco porque despois de ver desfeito o parque infantil da Praza Roxa despois de desfacer a súa propia fonte, que tantos cartos costou no seu día y, agora esmendrellala pues bueno xa sei que isto de facer e desfacer é o único que lles interesa é o único que saben facer pero perdón por esta licenza pero así o entendemos e así o sentimos.

Sr. Alcalde di : Primeiro para advertir o que foi é que esta sendo ampliado. Eu podría decirlle en plan demagógico que nosoutros....non gobernamos mirando as datas das eleccións

Sr. Vergara di : Demagógico ¿non?

Sr. Alcalde di : Hai unha prioridade e hai unha demanda moi clara

Sr. Vergara di : Tres meses

Sr. Alcalde di: A alternativa é moi clara

Sr. Vergara di:Tres meses

Sr. Alcalde di :É moi práctica e viable.

Sr. Vergara di : Que compromiso lles leva a ser tan rápidos. Que cuestión tan oscura lles obriga a ter tanta rapidez nesa decisión non merece a pena

Sr. Alcalde di: Home, si vostede non hubiera feito manobras dilatorias como presentar alegacións agora, xa estaría aprobado

Sr. Vergara di : Manobras dilatorias, en absoluto, é un dereito que temos a facer canta reclamación consideremos



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Alcalde di: Esta máis que debatido temos posicións distintas ¿votamos? Votos a favor... bueno usted vota "non" pero vostede rechaza as alegacións ¿Votos a favor?

Sr. Vergara di: Fijense ben ,non, home... Fijense ben no que estan votando polo amor de dios fijense ben vostedes estan votando eu isto non llelo debía de dicir e despois pa que vexa que non teño interés dilatorio ningún. Ustedes o que estan votando é a resolución que usted presenta . Usted acaba de facer unha presentación y ustedes o votar en contra estan votando en contra da súa propia resolución

Mª José di: Teñen que votar a favor.

Sr. Vergara di: Teñen que votar a favor Home polo amor de dios, non temos

Sr. Alcalde di: Vai ler a proposta.

O Secretario lee: Primeiro desestimar as alegacións polo grupo socialista

Sr. Vergara di: Usted esta a favor de desestimala non esta en contra , non esta en contra de desestimalas, lea lea o que dí.

Sr. Alcalde di : Desestima-las alegacións. A favor de desestimalas ...claro

Sr. Vergara di : Pero non a favor de desestimala ..pero e que aquí non se esta... vamos haber usted o que esta planteando, haber se o vexo...usted o que vai a votar e resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento. Vamos haber...

Secretario di : Y ahora vamos a la propuesta y la propuesta es " Se propone ao Pleno desestimar as alegacións, segundo aprobar definitivamente o presuposto.

Sr. Vergara di: Entón ¿van a votar por separado?

Secretario di: Si lo decide el Alcalde, sí

Sr. Vergara di: Entón ¿van a votar todo xunto? Teñen que votar por favor...teñen que votar a favor deste punto non en contra ,faga o que queira

Sr. Alcalde: Ben... pa que haya transparencia votamos por separado. Primeiro a proposta

Sr. Vergara: E que si vamos a votar a nosa proposta eu teño que leéla. E aquí non se leu

Secretario di : Lo que se esta votando es desestimar

Sr. Vergara di: ¿Desestimar?. Entón tiña eu, entón existe unha proposta nosa que non se leu aquí.





## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Alcalde di: Non, vamos haber ...

Secretario di: Se lee la proposta del Alcalde, la proposta de resolución

Sr. Vergara di: Tenemos que leela

Sr. Alcalde di: Deúselle a opción de intervir. Non utilizou a opción de ler

Sr. Vergara di: Bueno ...veremos.Faga o que queira

Sr. Alcalde di: Votamos desglosado. Primeiro a proposta que a lea outra vez.

O Secretario lee: Desestimar ás alegacións presentadas polo grupo municipal socialista do 16 de xaneiro de 2015

Sr. Vergara di: Pero habrá que leelas no Pleno. Habirá que leer esas alegacións.

Sr. Alcalde di : O seu momento de intervir ...se puido leelas

Sr. Vergara di: ¿Votos a favor de?

Sr. Alcalde di: De desestimar

Secretario: 6 a favor cinco en contra

O Secretario lee: Segundo " Aprobar definitivamente o Presuposto xeral do Concello para o 2015"

Alcalde: ¿Votos a favor?

Alcalde: ¿Votos en contra?

Secretario: Seis a favor e cinco en contra . Apróbase.

Sometido o asunto por separado, á votación do Pleno do Concello, en votación ordinaria, acórdase APROBAR á Proposta da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrito:

Primeiro:- Desestimar ás alegacións por seis votos a favor do Partido Popular e cinco en contra ( catro do PSDG-PSOE e un do BNG)

Segundo:- Aprobación definitiva do orzamento 2015 por seis votos a favor do Partido Popular e cinco en contra (catro do PSDG-PSOE e un do BNG).



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

#### **4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDIA DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA ( 356 A 429 -1 A 20)**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

En consecuencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde a número 356 ao número 429 e 1-20.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **5.- DAR CONTA DO INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO LEI 15/2010, 4T 2014**

Dase conta do informe emitido polo Interventor Xeral, de data 19.01.2015, que copiado literalmente di:

#### **INFORME SOBRE MOROSIDADE E REXISTRO DE FACTURAS**

**Período: 4º Trimestre Exercicio 2014**

##### **Primeiro.- Morosidade segundo a lei 15/2010, de 5 de julio**

**A lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, regula a morosidade o rexistro de facturas na administración local e sinala ao respecto:**

##### ***Artículo cuarto. Morosidad de las Administraciones Públicas.***

*1. El Interventor General del Estado elaborará trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de la Administración General del Estado, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

2. Las Comunidades Autónomas establecerán su propio sistema de información trimestral pública sobre el cumplimiento de los plazos previstos para el pago en esta Ley.

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.

### **Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones locales.**

1. La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

